

RAMAS SAN MIGUEL, Clara: *Fetichismo y mistificación capitalistas. La crítica de la economía política de Marx*, Siglo XXI, Madrid, 2018, 302p.

Inquirímonos por algo así como a saúde dos estudos marxianos resulta difícil hoxe; talvez porque nestes, como dixera Felipe Martínez Marzoa en 1983, concorren fenómenos que serían considerados alleos en relación a calquera outro filósofo. Referímonos, en primeiro lugar, ao descenso da popularidade do marxismo político desde os anos 80 e moi acusadamente a partir dos 90. Tras a caída do Muro de Berlín parece difícil de desvincular a súa mellor ou peor fortuna académica da súa fortuna política, e ambas adoitan ofrecerse como partes dun mesmo todo. Esta ligazón, sobra dicilo, nin é intuitiva nin debería selo; mais, certamente, é. En segundo lugar, hai polo menos dúas maneiras de concibir estes mesmos estudos, posto que agrupan tanto o labor de coñecer mellor Marx como o de empregar Marx para coñecer mellor. Esta segunda circunstancia, que xa non lle é exclusiva como filósofo, é, no entanto, pouco común na historia da filosofía recente. Parece claro, pois, que antes de preguntarmos cal é a vitalidade da corrente habería que esclarecer a que nos estamos a referir exactamente. Polo menos no primeiro dos dous sentidos, no hermenéutico, sabemos máis do que sabemos hai cincuenta anos; é dicir, que hoxe temos mellores ferramentas para interpretar obras como *O capital*. E que, polo tanto, a investigación sobre a obra de Marx está necesariamente máis completa hoxe do que onte. Isto, que non é pouco, pódese dicir en termos absolutos. No sería esaxerado afirmar que, con *Fetichismo y mistificación capitalistas* de Clara Ramas, vén de se completar un pouco máis. A súa publicación é, polo tanto, un sinal de boa saúde.

A autora española recupera aquela luva que lanzara Marzoa e entende que o primeiro que lle cómpre ao marxismo é máis filoloxía. A súa obra

---

Recibido: 22/05/2019. Aceptado: 03/06/2019.

preséntase, antes de máis, como un labor de demoucado textual, unha pescuda profunda no corpus para atopar unha tipoloxía subxacente: aquela á que han responder os conceptos de *fetichismo* e *mistificación*. É necesario lembrar que o ousado desta tese non reside tanto nos criterios que poidan rexer a tipoloxía devandita como na mesma afirmación da súa existencia. Boa parte da tradición marxista —a autora encárgase de nolo lembrar— tendeu a velos como remoles hegelianos, cando non simples artefactos retóricos; e o segundo deles, de feito, adoitou pasar simplemente desapercibido. Atrapados entre unha vertente humanista e unha economicista que non sempre souberon dialogar, estas categorías de natureza inquietantemente filosófica ficaron en terra de ninguén. Situalas no centro do debate implica a procura dun panorama absolutamente contrario: conxuntar as dúas tradicións co-séndoas por aquilo que quixeron apartar de si para se purificaren.

A autora rastrea polo miúdo un corpus amplo e exhaustivo para concluir que en Marx hai tres tipos de fetichismo e tres tipos de mistificación; que estes, polo xeral, son empregados sistematicamente (e, cando non é así, é fácil atopar esa sistematicidade latente); e que boa parte da estrutura d’*O capital*, nomeadamente o paso da teoría do valor á teoría da máis-valía, precisaos para se articular con cohesión. Á luz desta tripla proposta, é claro que ambos os dous termos non poderían ser máis que, de feito, a cerna da obra madura do autor de Tréveris.

Por isto, e se ben o labor filolóxico xustificaría xa de seu a existencia do volume no que se leva a cabo, este quere ser máis unha outra cousa. Algo que non é evidente perante o título do volume, que destaca “fetichismo” e “mistificación” e relega “crítica da economía política”. Mais, se fala do primeiro é, sobre todo, coa vista posta no segundo. A pregunta central podería resumirse así: “en que pode consistir facer algo así como a crítica de todo un saber?”. Continuando o traballo da chamada “nova lectura de Marx”, e en particular de Michael Heinrich (quen, por certo, prologa o volume), para Clara Ramas é claro que a crítica pasa por sinalar a complicidade inxenua dos economistas clásicos cunha forma inmediata de aparencia. O cadro do proxecto marxiano caracterízase, xa que logo, polo seu obxectivo de desbastar a ontoloxía da economía como produto social para poder, desde alí, entrever a verdade da *sociedade moderna*. Trátase, segundo ela, de toda unha fenomenoloxía da mercadoría.

A novidade interpretativa que presenta esta lectura, que lle permite sor-tear a arquiteada crítica de Böhm-Bawerk ao aristotelismo da teoría do valor, parte dunha concepción cualitativa desta última. A teoría do valor-traballo non trata de establecer, afirma Ramas, un *tertium comparationis*

que permita a igualación das mercadorías e o seu intercambio. Isto, que está no texto marxiano, sería máis ben unha concesión ao público non familiarizado coa filosofía especulativa; que se atopaba, ao comezar un libro de grandes dimensións, coa súa sección conceptualmente máis árida. Pola contra, o que quere explicar a “teoría laboral do valor” —como prefere denominala a autora, seguindo a Diego Guerrero—, é a existencia mesma de algo tal como unha cousa-mercadoría que ten xa entre as súas propiedades a da mesma *comparabilidade*. Describir, pois, o momento no que xorde un *traballo total social* dividido en mercadorías concretas en tránsito. Ambas —a mercadoría, a comparabilidade baseada nun valor— son entidades ontolóxicas aparentiais e incapaces de existencia separada. O *fetichismo*, malia ter a súa sonada exposición teórica ao final da primeira sección, é, por así dicilo, o primeiro na orde do seu ser. O que se ten de explicar non é a cantidade de traballo que se expresa nun valor; éo o feito de que o traballo, nunha determinada circunstancia histórica, só poida ser expresado como valor e que, polo tanto, non haxa xa un fóra do intercambio. Dito doutro xeito, que as relacións entre persoas adoiten a forma de relacións entre cousas e propiedades de cousas: *fetichismo*.

Este é, en resumo, o proxecto interpretativo que erixe *Fetichismo y mistificación capitalistas*; resumo que necesariamente descoida o detemento minucioso con que se vai edificando cada chanzo argumentativo. Ao noso entender xorden perante o conxunto dúas preguntas das que depende a súa valoración global.

En primeiro lugar, é convincente a delimitación dos tres fetiches (mercadoría, diñeiro e capital) e das tres mistificacións (salario, ganancia e interese)? A resposta é afirmativa, mais matizábel. O principal obstáculo que atopa é que Marx fala de *mistificación do capital* e non de *fetichismo do capital*. A isto oponlle que tales usos atópanse, soamente, nas partes non revisadas d’O *capital* e, polo tanto, aínda non sistematizadas. Con independencia da verdade que atesourar esta afirmación, o certo é que unha ausencia non pode ser interpretada como unha presenza, por moito que un sólido labor filolóxico e hermenéutico permita intuír as contornas do baleiro. En segundo lugar, compréndese mellor o proxecto marxiano baixo a óptica dunha fenomenoloxía da mercadoría? A resposta é semellante á anterior. A tese é atractiva, mais abrazala completamente precisa dun certo grao de voluntarismo.

Se algo se lle pode atacar ao libro non é, de feito, nin a inverosimilitude das súas hipóteses nin a debilidade na súa fundamentación; pois é, de facto, un exemplo de todo o contrario nesas dúas ordes específicas. A pregunta

non resolta —que é a que sempre vén complicar as lecturas puramente filosóficas de Marx— é: se realmente Marx quixo elaborar unha fenomenoloxía, por que non facelo manifestamente? Se hai, de feito, un uso sistemático e argumentativamente fulcral dunha serie de termos, por que teimou en agochalos? Nótese que chegamos a un punto no que topamos cunha certa indecidibilidade: está sobreinterpretando Ramas ou é o proxecto marxiano quen soterra a gran profundidade a súa arquitectura fundamental e só ensina o seu cima? Cremos que o labor exercido sobre o corpus marxiano nas últimas décadas tende a deitar a segunda resposta; e achamos, así mesmo, que este libro da un paso firme nesa vía. Debe ficar constancia de que a autora é sabedora do problema de fondo e fai esforzos por paliarlo. Pero talvez a maior debilidade do libro pase precisamente por aí; é dicir, polo feito de ser notorio un esforzo sobre o material para encamiñalo na dirección escollida. A aceptación das teses de maior entidade faise depender, por veces, do grao de colaboración que o lector estea disposto a prestar.

Diciamos ao comezo que o marxismo é, contra toda aparencia pesimista, máis hoxe do que foi onte, e que este libro é, nese senso, unha confirmación e un avance. Nun punto do seu percurso a autora promete proseguir a investigación comezada e procurar un encaixe das formas de aparencia formuladas por Marx no conxunto da filosofía alemá da altura. Se cadra, e de se executar con tanta pericia como a que move esta investigación, os resultados que tire permítannos entender mellor algúns baleiros que, polo de agora, fican. No entanto, estamos perante un libro abondo complexo como para ser rumiado e comentado polos interesados durante o tempo que lle ocupe esa angueira.

Pablo Pesado Rodríguez